

A AUTORREPRESENTACIÓN ONOMÁSTICA NA OBRA DE ÁLVARO CUNQUEIRO

M^a Xesús Nogueira Pereira

Unha lectura da obra narrativa de Álvaro Cunqueiro, por moi parcial que esta sexa, revela a importancia da representación onomástica. A frecuencia de nomes propios resulta especialmente rechamante no que se ten denominado *trilogía de relatos galegos*, isto é, nos libros *Escola de menciñeiros* (1960), *Xente de aquí e de acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979). A fórmula narrativa baseada no retrato dun determinado personaxe popular, designado as más das veces mediante unha forma pertencente ao sistema onomástico tradicional, favoreceu de maneira considerable este aspecto. Mais o alcance da designación onomástica esténdese ao conxunto da obra narrativa, tanto galega coma castelá, do escritor.

A pesar desta evidencia, a cuestión onomástica non foi obxecto de moitos estudos por parte da crítica cunqueiriana para quen o feito non pasou non obstante desapercibido¹. O primeiro traballo centrado monograficamente neste aspecto foi levado a cabo por Ionescu (1993), quen no marco do *Congreso Álvaro Cunqueiro* elaborou unha sistematización dos antropónimos da narrativa curta escrita en galego. O profesor romanés identificaba os tres niveis nos que, ao seu xuzo, se distribuían os materiais onomásticos no corpus estudiado, nunha síntese que me parece de suma utilidade:

1. Un inventario de nomes propios actualizados en el proceso de identificación de los personajes, es decir, del sistema onomástico
2. Un discurso metaonomástico sobre el sistema utilizado
3. Un discurso literario centrado en temas que se refieren al estatuto sociocultural del nombre propio (Ionescu, 1994:17)

Eu mesma abordei o tema por vez primeira nunha comunicación presentada ao I Congreso Internacional *A Lingua galega: historia e actualidade*, ampliando o estu-

M^a Xesús Nogueira Pereira

do ao corpus da narrativa galega. Na miña achega diferenciaba catro tipos de elementos, restrinxindo o obxecto de estudo ao primeiro deles:

- I. antropónimos
- II. nomes de animais e de seres míticos
- III. nomes de obxectos
- IV. topónimos

Posteriormente integrei este achegamento nun marco máis amplo, a miña tese de doutoramento, onde abordo o tema da onomástica dos personaxes, centrándome fundamentalmente nas seguintes cuestións:

- I. A descripción do inventario antropónímico (procesos de formación e de integración de formas)
- II. O discurso sobre o nome
- III. A onomástica como tema narrativo²

Non é, con todo, o meu propósito tratar aquí este tema tan complexo. Limitareime a desenvolver un aspecto concreto como é a autorrepresentación onomástica do propio escritor, tanto no corpus textual coma no paratextual. Deste xeito, pretendo analizar aquelas fórmulas onomásticas mediante as que o autor representou a súa identidade, ben como responsable dun texto, ben como personaxe deste. O meu obxectivo non é elaborar un inventario exhaustivo de formas -tarefa, por outra banda,inxente e que ultrapasa con moito as dimensións desta contribución- senón analizar os procedementos implicados na creación das mencionadas fórmulas. Para iso, considerei de utilidade diferenciar os niveis textual e paratextual, entendendo este último, segundo a definición de Genette, como o conxunto de elementos (capa, título, limiares, índices onomásticos, etc.)

par quoi un texte se fait libre et se propose comme tel à ses lecteurs, et plus généralement au public (Genette, 1987:7).

1. O nivel paratextual

É nestas componentes dunha obra identificadas baixo o termo *paratexto* onde habitualmente aparece autorrepresentado o nome do escritor. Agás algunas excepcións, Cunqueiro asinou as súas obras de creación co seu nome real, que tamén empregou para outros textos ensaísticos e mesmo para a tradución, combinando cun bo número de pseudónimos.

A autorrepresentación onomástica na obra de Álvaro Cunqueiro

1.1. A representación do nome legal do escritor

A fórmula *Álvaro Cunqueiro* foi a máis empregada polo autor para asinar a súa obra literaria de creación, tanto galega coma castelá. Neste senso tan só hai unha excepción, *San Gonzalo* (1945), na que aparece o pseudónimo *Álvaro Labrada*. Trátase dunha obra de narrativa curta elaborada durante a súa xuventude que, como é sabido, presenta un sospeitoso grao de semellanza coa súa fonte inmediata, a *Romeira de Xelmírez*, de Ramón Otero Pedrayo³. O feito de que a totalidade das obras narrativas escritas con posterioridade apareceran publicadas co seu nome real, indúceme a formular unha primeira hipótese acerca da utilización de pseudónimos na obra narrativa que veu a luz en forma de libro; nela estarán implicados tres factores:

- a) O xénero
- b) A dependencia de modelos alleos
- c) A idade de publicación e o asentamento do escritor no sistema literario

Con respecto a isto, cómpre advertir que a narración foi posteriormente compilada no volume *Flores del año mil y pico de ave*, onde xa aparece o nome real do escritor, feito que semella corroborar o primeiro dos factores mencionados.

O sintagma formado polo nome do escritor e mais o primeiro apellido alterna noutros textos (artigos de prensa, traducións, etc.) coa fórmula *Álvaro Cunqueiro Mora*, *Álvaro, Cunqueiro* e as siglas *A.C.* e *A.C.M.*

1.2. Os pseudónimos

Nunha boa parte dos textos espallados ao longo de publicacións periódicas varias, foron moitos os pseudónimos baixo os que Cunqueiro ocultou a súa identidade.

Anteriormente referíame á única obra de narrativa curta asinada coa forma *Álvaro Labrada* e propónfila algunha hipótese provisoria acerca do emprego dos pseudónimos na obra do escritor.

A cantidade de fórmulas utilizadas a xeito de pseudónimo é numerosa. Lonxe dunha análise exhaustiva, limitareime a salientar aquelas que a crítica identificou como más frecuentes, por non ser o meu obxectivo, como xa adiantei, a elaboración dun inventario. Foron estas: *Al-Farish Ibn Iaqhim Al Galizi*, *Álvaro Labrada*, *Ariel García*, *Benito Moirón*, *C. M.*, *Carlos Sobrado*, *Cristóbal Xordán/Jordán*, *Felipe de Amancia*, *M. B.*, *Manuel da Fonte*, *Manuel Marta Seoane* (e abreviaturas), *S. Seoane*, *Marck Tapley*, *Patricio Mindonio*, *Patricio Mor*, *Pedro Mateo*, *Xavier Berenguer* e *Xusto Cabarcos* (e abreviaturas), entre outros⁴.

Se temos en conta as distintas formas de pseudonimia propostas por Genette, debemos afirmar que Cunqueiro optou pola do autor imaxinario, sen proporcionar as más das veces (a non ser a persoas próximas e cofiecedoras do seu ámbito familiar e intelectual) claves para a súa identificación e practicando o pseudonimato completo⁵.

M^a Xesús Nogueira Pereira

Xesús González Gómez ten explicado tamén a pseudonimia do autor como unha vontade de *mixtificación* literaria, recorrendo a un comentario da súa autoría que reproduzo a continuación:

Siempre tuve una gran afición a los pseudónimos, y los he buscado en Dickens y usé y uso apellidos que llevaban los míos. El otro día viajando a La Coruña, para asistir al ingreso de Joaquín Otero Goyanes en la Academia de Jurisprudencia, Isidoro Millán hijo me confesó que creía que las traducciones de poemas que aparecen en *Faro de Vigo* en la dominical página de «Letras» firmados por Manuel María Seoane, eran de un poeta llamado Manuel María. Me gustan estas pequeñas mixtificaciones⁶.

O verdadeiro interese do texto para a cuestión que nos ocupa radica, ao meu ver, non tanto no posible motivo que leve ao autor a encubrirse en pseudónimos como na explicación dunha das estratexias que están detrás da súa creación. Neste senso, o autor confesa dúas fontes fundamentais:

- a) Dickens
- b) Os apelidos familiares

Efectivamente, na obra de Dickens atopamos algúna das fórmulas onomásticas empregadas por Cunqueiro como pseudónimo. É o caso de *Mark Tapley*, personaxe de *Vida e aventura de Martin Chuzzlewit*:

Aquel homónimo mio inglés —y quizás algo pariente— *Mark Tapley*, cuya condición era el estar alegre, honrar, amar, obedecer, mayordomo en la pacífica posada londinense del Dragón Azul, y cuya presencia es el encanto de aquella novela de Mr. Dickens titulada «Vida y aventura de Martin Chuzzlewit», recomendaba que los barrilitos de escabeche de ostra debían ser templados levemente al baño de María⁷.

Mais é á súa propia circunstancia biográfica e familiar a onde o escritor semella recorrer con certa frecuencia, tal como se pode apreciar nos pseudónimos que incorporan algún dos seus nomes de pía, Álvaro Patricio: o mencionado *Álvaro Labrada*⁸, *Patricio Mor* ou *Patricio Mindonio*.

O pseudónimo *Patricio Mor* remítenos ademais a outra das fontes mencionadas polo escritor, *los apellidos que llevaban los míos*. Por este apellido interesouse o biógrafo cunqueiriano Armesto Faginas:

Sobre o apellido materno, o escritor descubríanos algo que, inicialmente, parece más froito da imaxinación que da realidade —«memoria deformante» que el dicía—. Con todo, o autor pudo constatar que o narrado por Cunqueiro responde a un feito certo:

A autorrepresentación onomástica na obra de Álvaro Cunqueiro

«Todos mis parientes son Mor, menos mis hermanos y yo, que somos Mora, y la culpa la tiene una confusión que hubo en los papeles militares de mi abuelo, el comandante Manuel Mora, que parece que no se preocupó de aclarar» (Armesto Faginas 1987 1991:28⁹)

Da mesma natureza é a fórmula *Benito Moirón*, onde incorpora outro dos apelidos maternos. Con este pseudónimo debemos tamén relacionar o nome do avó Benito Montenegro, e quizais tamén o do escritor Benito Vicetto, a quem Cunqueiro tiña por parente¹⁰. A incorporación de nomes existentes na familia á pseudonimia propia non é un recurso descocieido no escritor. Repárese nas fórmulas *Xusto Cabarcos* ou *Carlos Sobrado*, que recuperan os do seu tío materno¹¹ e do seu avó paterno¹², respectivamente.

Cunqueiro empregou tamén o apellido da familia da súa dona, Elvira González-Seco Seoane para a formación de pseudónimos: *Pedro Seoane*, *S. S(eoane)* e o xa comentado *Manuel María Seoane*.

Á marxe desta pegada biográfica e familiar na pseudonimia de Cunqueiro, paréce-me especialmente interesante reparar na presenza dalgunhas estratexias semellantes ás que o autor emprega na creación dos personaxes de ficción. Neste senso podemos apreciar cómo o escritor recorre a dous procedementos abondo empregados na designación dos seus caracteres.

Un deles é o da fórmula baseada nos modelos do sistema onomástico tradicional, empregada na nominación dunha boa parte dos personaxes da narrativa curta escrita en galego. Así acontece en *Manuel de Fontes*, onde o escritor opta pola variante *nome propio + sintagma preposicional que achega información sobre a toponimia ou a familia*, do tipo *Pardo das Pontes* (*Escola*), *Lamego de Mouriz* ou *Bastián de Cornide* (*Feirantes*).

A outra estratexia, materializada na fórmula *Patricio Mindonio*, consiste na creación dun sintagma composto por un nome propio e un xentilicio, semellante ás que designan numerosos personaxes da súa narrativa: *Federico Sicilián* (*Sinbad*), *Gabir Arábigo* (*Merlín*), *Cirilo el Tracio*, *Ragel el Sirlaco* ou *Florinda Lusitana* (*Orestes*), *Damián Lusitano* (*Ulises*), etc. A particularidade deste pseudónimo vén dada pola transformación do adjetivo xentilicio *mindoniense* na forma *Mindonio*.

Finalmente, Cunqueiro recorreu tamén ocasionalmente aos nomes dos seus personaxes como fonte de pseudonimia. Así acontece nas formas *Felipe de Amancia* e *Al Farish ibn Iaqbim al Galizi*. Cómpre, con todo, reparar na importancia que estes personaxes acadan dentro da súa narrativa. Como é sabido, o primeiro deles é famoso barqueiro, narrador de *Merlín e familia* e protagonista de *El caballero, la muerte y el diablo* e de numerosos artigos de prensa. O segundo é o suposto tradutor das historias de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*. Ambos os dous perfiles explican o grao de identificación destes personaxes de ficción coa identidade real do autor.

Os procedementos empregados na creación de antropónimos na pseudonimia non distan moito, como puidemos comprobar, daqueles utilizados na denominación de personaxes de ficción.

M^a Xesús Nogueira Pereira

1.3. As outras marxes

Considero áñda de interese rastrexar esoutros espazos do paratexto onde resulta menos frecuente a representación da identidade, real ou ficticia, do escritor. Refírome aos limiares ou aos complexos índices onomásticos incluídos como material epentético en moitas das narracións.

É este o caso do coñecido limiar de *Xente de aquí e de acolá*, titulado «Carta que o autor mandou ao Dr. Domingo García-Sabell cando ordeaba iste libro» e na que Cunqueiro cuestionaba a semellanza dos seus retratos cos respectivos modelos tomados da colectividade galega. No transcurso do texto, o autor chega a dubidar sobre a súa propia existencia, realizando un exercicio de autodistanciamento que o leva á representación do seu nome legal:

Entre uns, que pois cho pregunto si os houbo e hai ou non, non sei ben si os houbo ou hai, e entón eu, nas miñas dúbidas, remato pergunzándome —pergunzándoche—, si houbo ou hai, ou non, un Álvaro Cunqueiro (*Xente*: 153).

Tamén na coñecida voz *Mondoñedo* do índice onomástico de *Merlín e familia* atopamos unha nova autorrepresentación da identidade real do autor, xustificada neste caso pola atribución do paratexto ao personaxe de Felipe de Amancia, narrador principal da obra:

Mondoñedo.— Cidade de Galicia, sonada polos Bispos, e polo cabalar das San Lucas, i onde nacéu o señor Cunqueiro, que puxo en formado istas historias.

Outro exemplo de representación autorial, de moita maior complexidade dado o grao de ficcionalización, prodúcese no paratexto dun opúsculo, editado con carácter privado en 1951, que leva por título *Rondeau en loor de un botánico del s. XVIII que regresa de Cipango y de Catay y de todas las Indias*¹³. Trátase dunha composición escrita en termos humorísticos e arcaizantes, precedida dunha longa dedicatoria na que tanto o autor coma o seu destinatario inmediato aparecen ficcionalizados do seguinte xeito:

Al Caballero de la Ilustración don Jesús Landeira, de su amigo y s. el Autor, Noble Hijodalgo de la Villa de Riotorto; Señor de la Episcopal Ciudad de Mondoñedo y de las Cuestas de Abadín y de Valdouro; Vintesete D'a Porta Santa; Trovador Mayor de las Cortes de Casariego en la Barcellina de Valdés; y uno de los Grandes y Escasos Líricos del Castellano actual y sin duda el más Alto Príncipe de la Lírica Galaica; etc. etc.¹⁴

A autorrepresentación onomástica na obra de Álvaro Cunqueiro

Neste fragmento, que constitúe unha curiosidade na obra do escritor, este non recorre en ningún momento ao seu nome legal, enmascarado baixo a forma *el autor*¹⁵. Mais os títulos que acompañan a este supofien un exercicio de ficcionalización marcadamente humorística que lembran algúns dos procedementos empregados na pseudonimia, como son as referencias autobiográficas, pertencentes neste caso á toponimia local.

2. O nivel textual

2.1. A representación do nome legal do escritor

No que se refire á representación do nome legal do escritor dentro dos textos, esta prodúcese en varias ocasións, localizadas todas elas no corpus de narrativa curta escrita en galego.

Unha das formas que aparece é *señor Cunqueiro*, nun diálogo cun dos moitos personaxes populares plasmados nestas narracións:

—¡Digolle, Señor Cunqueiro, que no tocante a iso, nada! Home, vender unha píldora pra que unha rapaza non emprefie, eso xa é outra cousa e non perxudica a naide (*Escola*: 99)

Máis frecuente resulta a fórmula *don Álvaro*, que aparece en contextos semejantes:

—Créame, don Álvaro! O cuco decía cu-cóo, cucóo, pro en francés. Non sei espicarme, home! O mesmo acento que Calumet! Por alí andaba! Dicen algo os libros de si un loro pode casarse cunha cuca? (*Xente*: 251)

—Vostede, don Álvaro, creeráme ou non, pro o lobo, denantes de perderse na fraga, subfuse a unha pena, respondeume coa mesma seña, soio que el fixoa coa man esquerda. ¿El parécelle que sería zurdo¹⁶? (*Feirantes*: 451)

A forma de tratamiento está, en todos os casos, en consonancia coas características do proxecto narrativo de Cunqueiro.

A variante *don Alvarez* que, en rigor, deberá ser tratada nas ‘representacións ficticias’, aparece nunha ocasión:

—¿Quer vostede crér, don Alvarez, que non hai unha soia que copie as respostas correuto? ¡Todas saltan algo! ¡Cómo son! (*Escola*: 88).

Esta fórmula chamou a atención de Christian Ionescu, quen interpretou a conversión dun nome nun apelido como un trazo que evidencia

Mª Xesús Nogueira Pereira

que el funcionamiento del sistema ficticio cunqueiriano es ambiguo y de poca confianza (Ionescu, 1993:20).

Ionescu formula ademais unha interpretación desta forma nos seguintes termos:

El nombre propio de persona acabado en la secuencia átona -ez es el único tipo antropónimo ibérico cuya singular función de apellido puede ser reconocida por su forma; estos apellidos, poco numerosos pero muy frecuentes, son los restos de un antiquísimo tipo de sobrenombre colectivo, documentado a partir del siglo VIII, el patronímico derivado que designaba a los hijos por medio de un derivado del nombre del padre; ya en decadencia en el siglo XVIII pierde su función inicial y se hace hereditario, de manera que a partir del siglo XV la derivación patronímica deja de funcionar. En consecuencia, Álvarez es una creación ficticia «ad hoc» según el modelo pasivo y no funciona a nivel de la onomástica moderna; dado que no se respeta el modelo semántico del antiguo patronímico sino sólo el formal, su carácter es lúdico y paródico (Ionescu, 1993:20).

Tamén na obra poética de Cunqueiro atopamos unha representación do seu nome legal. Acontece no seu libro *Herba aquí e acolá*, poemario no que máis importancia acadan o culturalismo, a intertextualidade e as ficcionalizacions do enunciador lírico. É no poema «Herba aquí ou acolá», que presenta como temas motivos coma o paso do tempo e a morte, onde atopamos esta fórmula onomástica:

Todo pende en que ún estefía morto
e queira volver ao val e á noite
esmola de home, pasteiro comunal
onde brancas ovellas alindadas por unha vella
pacen seguido sin erguer a cabeza
sin decatarse de ónde ven a herba
que moen e remoén os dentes apertados.

Sin decatarse da resurrección da carne de Álvaro Cunqueiro,
un novo corpo limpo que soñaba co vento
—beira dun río, quizaves
ou nun alto—
(*Herba*: 180).

2.2. A representación ficticia do nome do autor

Se atendemos ao propio nivel textual, podemos atopar algunas fórmulas baseadas na deformación e na ficcionalización que lembran os procedementos de creación de pseudónimos.

A autorrepresentación onomástica na obra de Álvaro Cunqueiro

Probablemente, unha das máis populares sería a fórmula *Al Faris ibn Iaquim al Galizi*, Álvaro, fillo de Xaqiún o Galego –repárese tamén na referencia biográfico-familiar–, que designa o responsable da tradución de *Si o vello Sinbad volvese ás illas, do arábigo ao galego*, segundo se deduce dunha cofieida pasaxe da narración:

Bolanda sigue sendo unha ribeira do cantor Iadid. Digo eu, o relator, Al Faris Ibn Iaquim al Galizi¹⁷, que en Bolanda había tres augas que agradecer a deus: o río, as choivas afouladas do monzón, e as verbas pantásticas do señor Sinbad marinero (*Sinbad*: 420).

A autotradución castelá da obra, que inclúe un índice onomástico inexistente na versión galega, achega a seguinte información:

AL FARIS IBN IAQUIM AL GALIZI. Nombre arábigo de Álvaro Cunqueiro, hijo de Joaquín y de nación gallega y autor de esta historia de Sinbad Marinero. Se hace pasar en el texto por traductor de arábigo al latino en la imperial ciudad de Toledo, en los días de la famosa escuela alfonsí.

O proceso de deformación desta fórmula –semellante a *Abdalá ibn Ismael al Malaquí*– está en consonancia coas coordenadas xeográfico-culturais nas que se desenvolve a obra.

Non estamos, non obstante, diante do único caso de ficcionalización do autor real mediante a súa fusión co personaxe de Sinbad. Repárese no seguinte fragmento, tirado do relato *Daniela y la estrella*, que foi publicado con carácter privado e en edición limitada en 1967¹⁸:

El más sorprendido fue el astrólogo y cronista¹⁹, Simbad Cunqueiro Archimandrita de Mondofiedo, adivino que tenía como esfera de cristal una mágica estrella de mar, cogida en la playa de NERA.

A preferencia polo personaxe de Sinbad á hora de crear ficcionalizacions ou máscaras que encobren o autor, resulta abondo significativa se temos en conta a súa dimensión metafórica dentro da obra do escritor.

3. Conclusión

A identidade, tanto real coma ficticia, de Álvaro Cunqueiro aparece representada na súa narrativa non só nos espazos más canónicos, como son as marxes paratextuais (cuberta, limiar), senón tamén no interior dos propios textos.

No caso das ficcionalizacions, tanto das pseudonimias coma doutras creacions, é posible rastrexar unha serie de estratexias que podemos sintetizar como segue:

- Referencias autobiográficas e familiares
- Fórmulas do sistema onomástico tradicional

M^a Xesús Nogueira Pereira

- Referencias literarias
- Personaxes das súas propias ficcions

A análise da autorrepresentación onomástica en Cunqueiro revela, polo tanto, ademais dun repertorio considerable, distribuído ao longo de diferentes niveis, o emprego de estratexias semellantes ás utilizadas na nominación de personaxes literarios e confirma unha vez máis a importancia da onomástica na obra do escritor.

A autorrepresentación onomástica na obra de Álvaro Cunqueiro

BIBLIOGRAFÍA

- Armesto Faginas, Xosé Francisco (1987): *Álvaro Cunqueiro. Unha biografía*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2ª ed. 1991.
- Carvalho Calero, Ricardo (1990): *Do galego e de Galiza*, Barcelona: Sotelo Blanco Ediciones, 1990.
- Casares, Carlos (1981): «Leria con Álvaro Cunqueiro», *Grial* 72, pp. 202-209.
- Genette, Gérard (1987): *Seuils*, Paris: Éditions du Seuil.
- González Gómez, Xesús (1990): *Álvaro Cunqueiro, traductor*, Lugo: Fundación Caixa Galicia.
- González Millán, Xoán (1991): *Álvaro Cunqueiro. Os artifícios da fabulación*, Vigo: Galaxia.
- Ionescu, Christian (1993): «La onomástica en Cunqueiro: antropónimia de los relatos cortos», *Congreso Álvaro Cunqueiro*, Santiago: Xunta de Galicia, pp. 15-33.
- Nogueira Pereira, María Xesús (2004): «Achegamento á onomástica na narrativa galega de Álvaro Cunqueiro», en Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, Santiago: ILG / Consello da Cultura Galega, vol. III, pp. 637-649.
- Nogueira Pereira, María Xesús (2001): «Daniela y la estrella. Un relato esquecido de Álvaro Cunqueiro», *Boletín Galego de Literatura*, nº 25, pp. 167-177.
- Nogueira Pereira, María Xesús (2003): «Un rondeau privado de Álvaro Cunqueiro», *Boletín Galego de Literatura*, nº 29, pp. 139-145.
- Nogueira, María Xesús (2005): *Estratexias narrativas na obra de Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade, CD-ROM.
- Rodríguez Fer, Claudio (1992): «Da romaría de Otero á romaría de Cunqueiro», in Anxo Tarrío (coord.), *Álvaro Cunqueiro*, *Boletín Galego de Literatura*, Monografías, 1, pp. 59-68.
- Tarrío, Anxo (1989): *Álvaro Cunqueiro ou os disfraces da melancolla*, Vigo: Galaxia.

OBRA DE CUNQUEIRO

- Obra en galego completa*. I. Poeta. Teatro; II. Narrativa; III. Semblanzas, Vigo: Galaxia, 1980; 1982; e 1983.
- Las mocedades de Ulises*, Barcelona: Argos, 1960.
- Cuando el viejo Sinbad vuelva a las islas*, Barcelona: Destino, 1962.
- Un hombre que se parecía a Orestes*, Barcelona: Destino, 1968.
- Tertulia de boticas prodigiosas y escuela de curanderos*, Barcelona: Destino, 1976.

Mª Xesús Nogueira Pereira

NOTAS

1. Sirvan como exemplo as observacións de Camino Noia (1982) acerca da abundancia de nomes e información exhaustiva sobre eles, carente as máis das veces de valor narrativo; Xoán González Millán, quen considerou que «a atracción que Cunqueiro sente por unha determinada onomástica, é un indicador que, ademais de reflexar a conciencia intertextual da súa narrativa, funciona así mesmo como unha manifesta indicación do autor por determinados textos literarios ou tradicións mitolóxicas» (1991:100); ou Anxo Tarrío (1989), que relacionou a onomástica dos personaxes coa oposición mítico vs. pragmático que se establece entre eles.
2. Vid. Nogueira 2005.
3. O grao de semellanza foi advertido por Carvalho Calero (1990:197) e Rodríguez Fer (1992:59).
4. Xesús González Gómez elaborou unha das listas más completas de fórmulas utilizadas por Cunqueiro «a partir da súa integración como director de *Faro de Vigo*» e mesmo chegou a proponer a elaboración dunha teoría da heteronimia a partir da utilización dos pseudónimos nos poemas publicados na prensa (González Gómez, 1990:17 e ss.).
5. Cfr. Genette, 1987:46 e ss.
6. Álvaro Cunqueiro, «El pescador de perlas», *Faro de Vigo*, 26-3-71. Citado por Armesto Faginas (1987) e Xesús González Gómez (1990).
7. Álvaro Cunqueiro, «La ostra veinticinco», *Faro de Vigo*, 3-11-66. O texto foi citado por Armesto Faginas (1987 1991:53), quen se referiu ademais ao cuñio cunqueiriano do pseudónimo: «Si pertenecen a él, sin ningún xénero de dúbida, os que asina co seudónimo de Mark (ou Marcos) Tapley, en homenaxe a un dos personaxes do seu queridísimo Dickens» (op. cit.: 243). O biógrafo do escritor reproduce ainda outro artigo de prensa no que Cunqueiro se volve referir a este personaxe como «mi homónimo dickensiano» (Cfr.: Álvaro Cunqueiro, «Madamas, Marosini, Bradadín y Badoero», *Faro de Vigo*, 10-9-66; Armesto Faginas, ibidem).
8. Con respecto a *Labrada*, cómpre advertir que se trata dun topónimo varias veces aludido na narrativa curta que o autor escribiu en lingua galega: «En Entrebo, na parroquia de Labrada de Buriz, partido de Villalba de Lugo, había un coxo chamado Osvaldo, Osvaldo Jove» (*Escola*: 75); Cfr.: «Cando se finou o Grilo, o crego de Labrada andaba medio cabreado» (op. cit.: 61); «Tragufame fentos de Romariz e de Labrada [...]» (op. cit.: 91). Ao longo deste traballo empregarei o seguinte sistema de abreviaturas para referirme á obra de Cunqueiro publicada en forma de libro: *Escola*: *Escola de menciñeiros*; *Xente*: *Xente de aquí e de acolá*; *Merlín*: *Merlín e familia*; *Feirantes*: *Os outros feirantes*; *Herba*: *Herba aquí e acolá*; *Sinbad*: *Si o vello Sinbad volvese ds illas*; *Tertulia*: *Tertulia de boticas prodigiosas*; *Ulises*: *Las mocedades de Ulises*; *Orestes*: *Un hombre que se parecla a Orestes*. As páxinas corresponden en todos os casos ás edicións citadas na Bibliografía.

A autorrepresentación onomástica na obra de Álvaro Cunqueiro

9. O texto pertence ao artigo «Siete zamarras», publicado en *La Noche*. Sobre este apellido vid. Armesto Faginas 1987 1991; 28-29.
10. «A miña aboa paterna, doña Carme Montenegro Morfino, era prima carnal de doña Dolores de la Peña Montenegro, nai de Valle-Inclán. E a nai desta miña aboa paterna era doña Carme Morfino Vicetto, prima carnal de don Benito Vicetto» (Casares, 1981). Con respecto ao parentesco con Valle-Inclán, este ten negado semellante vínculo.
11. Cfr.: «Perrón, que foi sempre da casca amargue, nos derradeiros anos da súa vida chegou a beato, e meu Señor tío, don Xusto Moirón, ensinoule a axudar á misa no oratorio da casa de meus avós en Cachán de Riotorto» (*Escola*: 61).
12. Cfr.: «O meu abó paterno era don Carlos Cunqueiro Mariño de Lobeira» (Casares, 1981).
13. Luarca: imprenta de José Ramón, 1951. Cfr.: Nogueira, 2003.
14. O texto está precedido dunha ilustración acompañada do seguinte pé: «Jesusín Landeira, asturiano, botánico y entomólogo a su regreso de Catay, Cipango y todas las Indias, lee a Buffon con su lente en el momento de ser cantado por su amigo el Caballero don Álvaro Cunqueiro» (a cursiva é miña).
15. Non é esta a única ocasión na que aparecen formas de distanciamento deste tipo. Cfr.: «El autor de este texto tuvo ocios bastantes en la oficina de la farmacia paterna para, desde párvalo, deletrear el los nombres de los botes sorprendentes (...); «Escribir estas páginas fue, para el autor, como tomarse unas placenteras vacaciones» (*Tertulia*).
16. Cfr.: «—Eu, don Álvaro, houbérame casado igoalito con Marfa, pro no “Secretario de los Amantes” non atopéi a carta que había de escribir no caso de que a moza ausente perdera un ollo» (*Xente*: 281); «—Estudando o caso, don Álvaro —decíame namentras facía virar a boina, coa man dereita, na cachola medio calva—, púxoseme un escrúpulo. Un escrúpulo especial: el si eu curaba e casábame coa Rosiña, qué parte lle tiña que tocar, si é que en poridá lle tocaba, ao meu amigo no choio?» (*Xente*: 289-90).
17. A fórmula presenta algunas variantes. Cfr.: «O que escribe, o voso criado Al Faris Ibn Iaqin al Galizi, seguía pola vila as idas e voltas de Sinbad nas vísperas da súa viaxe» (*Sinbad*: 383); «Eu, Al Faris Ibn Iaqin al-Galizi, cando faguía en Toledo ensame de traductor (...)» (*Sinbad*: 401).
18. Cfr.: Nogueira, 2002.
19. Na sinatura dunha tradución de Su Tungpo atopamos tamén unha ficcionalización na que recorre ao termo cronista: TRADUXO E ILUSTROU O CRONISTA DO BOSQUE DE SILVA. Cfr.: Su Tungpo, «Canso de buscar novas bellezas», *Grial*, 72, 1981, p. 193.